

MEMORIA DECLARACIÓN

Artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 do xaneiro, de transparencia e bo goberno.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA E CRUZ ROJA ESPAÑOLA EN GALICIA PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA "FAMILIAS ACOLLEDORAS", DIRIXIDO AO ACOLLEMENTO EN FAMILIA ALLEA DE MENORES EN SITUACIÓN DE RISCO OU DESAMPARO, NO ANO 2025.

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral ten previsto formalizar con Cruz Roja Española en Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de inicio de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e Cruz Roja Española en Galicia para o desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia do Programa "Familias Acolledoras", que ten como obxectivo xeral proporcionar unha atención temporal a aqueles menores en situación de risco, desamparo ou desprotección social, nun ambiente familiar normalizado, alieo á súa familia de orixe, por non existir esta ou non ser idónea para o seu coidado.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:



O obxectivo xeral do programa é a consecución do benestar dos/as menores, garantindo os seus dereitos e conseguindo a plena participación destes na vida dunha familia sen vínculos de orixe, outorgándolles polo tempo necesario a súa garda a unha persoa ou grupo familiar coa obriga de velar por eles, telos na súa compañía, alimentalos, educalos e procurarlles unha formación integral.

Como obxectivos específicos establécense:

- No contexto persoal:

- Acadar o axeitado desenvolvemento do/a menor nos ámbitos hixiénico-sanitario, educativo, persoal e social.
- Proporcionar ao/á menor un ambiente normalizado axeitado para a súa idade e momento evolutivo.

- No contexto familiar:

- Promover o cambio de situación da súa familia de orixe, co obxecto de que o/a menor poida volver con ela, no seu caso, o máis axiña posible.
- Lograr que a familia acolledora preste unha adecuada atención ao/á menor.
- Potenciar a relación da familia de orixe e a de acollida para favorecer a futura reintegración familiar do/a menor.

Cruz Roja Española en Galicia é unha organización non governamental cun amplo historial de actuacións no eido da intervención social e está inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Igualdade co número E0023. Como entidade de iniciativa social sen ánimo de lucro, desenvolve unha acción preventiva dirixida á totalidade da infancia e encamiña os seus esforzos a protexer de xeito específico aos menores e familias en dificultade social, velando así polo cumprimento dos seus dereitos fundamentais e atendendo ás súas necesidades específicas.

A través deste programa as dúas partes establecen o marco dunha colaboración mutua de cara á consecución do obxectivo prioritario deste convenio: a consecución



do benestar dos menores en situación de risco ou desamparo, para o que se considera imprescindible a súa integración en ambientes familiares normalizados.

Por outra banda, Cruz Roja Española en Galicia achega o valor engadido de contribuír ao financiamento do desenvolvemento do programa con fondos propios, que permite a súa realización en condicións económicas máis vantaxosas para a Consellería de Política Social e Igualdade.

Pola súa banda o artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece que poderán concederse de forma directa, entre outras, subvencións previstas nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.

O convenio de colaboración cuxa tramitación se inicia estará vixente desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025. Non obstante abranguerá as accións obxecto deste convenio que se realicen pola entidade desde o 1 de xaneiro de 2025.

A Consellería de Política Social e Igualdade aboará á Cruz Roja Española en Galicia para a realización de actuacións obxecto do programa subvencionado, 663.866,00 €, dito importe ven reflectido na Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, partida orzamentaria 38.02.312B.481.2, polo que non require de autorización previa do Consello da Xunta.

O número de menores e familias participantes previstas coa aplicación deste convenio é de aproximadamente 316 nenos, nenas e adolescentes e 336 familias.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico



o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo Rey Sastre

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

